



No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do concello de Samos, sendo as trece horas do d3a **DOUS DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS**, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Julio Gallego Moure, comparecen os Sres. concelleiros D. Jos3 Antonio Garc3a Jurjo, Dona Marisol Orille D3az, D. Juan Lu3s L3pez D3az, D. Jos3 Manuel Campo L3pez, Dona Maria del Carmen Abad Rodr3guez, D. Jos3 Antonio Real V3zquez e D. Manuel L3pez Armesto (ausente sen excusar a mesma o Sr. concelleiro D. Jos3 Aurelio L3pez L3pez), asistidos pola secretaria municipal D^a. Ana Isabel Candame Areosa, que da f3 do acto, co obxecto de celebrar sesi3n **“ordinaria”** do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria, previa 3 mesma.

Aberto o acto pola Presidencia proc3dese a tratar os asuntos que figuran na orde do d3a da convocatoria, que son do teor seguinte:

13.- A APROBACI3N, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE 3 SESI3N ANTERIOR LEVADA A CABO O D3A 07/10/2016.

Ao abeiro do sinalado polo art. 91.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xur3dico das Entidades Locais, por parte do Sr. alcalde preg3ntase aos Sres. concelleiros asistentes se te3nen que facer algunha observaci3n ao borrador da acta da sesi3n anterior de data 07/10/2016, que lles foi entregado xunto coa orde do d3a. T3dolos asistentes sinalan que non te3nen ningunha obxeci3n, quedando aprobado nos termos nos que est3 redatado por unanimidade dos asistentes (oito votos a favor, sendo nove o n3mero legal de membros).

23.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALD3A.

Aos efectos de cumprir co sinalado no artigo 42 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xur3dico das Entidades Locais, d3ase conta dos Decretos de Alcald3a ditados dende o 4 de outubro ata o 28 de novembro de 2016.

Os Sres. concelleiros d3anse por enterados.

33.- DAR CONTA DA ACTUALIZACI3N E DATOS DE EXECUCI3N DO PRESUPOSTO E/OU ESTADOS FINANCIEROS INICIAIS DAS ENTIDADES QUE FORMAN PARTE DO SECTOR DAS AAPP DA CORPORACI3N, CON MOTIVO DA RENDICI3N DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUMINISTRO DE INFORMACI3N CORRESPONDENTE AO 33 TRIMESTRE DE 2016.

O Sr. alcalde cede 3 palabra 3 Secretar3a-Intervenci3n para que d3 conta aos Sres. concelleiros que en cumprimento do art. 16 da Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de informaci3n previstas na Lei Org3nica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financieira, na redaci3n dada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, en data 26/10/2016 rendiuse pola Secretar3a-Intervenci3n a trav3s da aplicaci3n habilitada ao efecto na p3xina da oficina virtual para a coordinaci3n financeira coas entidades locais, a actualizaci3n e datos de execuci3n do presuposto e/ou estados financeiros iniciais das entidades que forman parte do sector das administraci3ns p3blicas da corporaci3n con motivo da rendici3n das obrigas trimestrais de subministro de informaci3n *correspondente ao 33 trimestre do exercicio de 2016*.

O resguardo de env3o as3 como a documentaci3n rendida p3xose a disposici3n dos Sres. concelleiros.



Os Sres. concelleiros dánse por enterados.

4º.- DAR CONTA DO PMP CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2016.

O Sr. alcalde cede a palabra á Secretaría-Intervención que dá conta aos Sres. concelleiros do periodo medio de pago correspondente ao 3º trimestre do exercicio 2016, o cal foi rendido por Secretaría-Intervención con data 26/10/2016 a través da aplicación habilitada ao efecto na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais. O detalle do informe é:

Ratio operacións pagadas: -20,42
Importe pagos realizados: 182.849,77 €
Ratio operacións pendentes: -26,63
Importe pagos pendentes: 15.144,03 €
PMP: -20,89

PMP Global:
Importe pagos realizados: 182.849,77 €
Importe pagos pendentes: 15.144,03 €
PMP: -20,89

O signo negativo tanto nas operacións pagadas como nas pendentes de pago indica que o concello paga antes do transcurso dos trinta días naturais dende a presentación das facturas ou certificacións de obra ou que ao final do periodo para a remisión da información aínda non transcurriu, nas operacións pendentes de pago, esos trintas días.

O resgardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros.

Os Señores concelleiros dánse por enterados.

5º.- ORZAMENTO XERAL 2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Por parte da secretaria-interventora municipal dáse conta aos Sres. concelleiros do ditame favorable emitido en relación a este asunto pola unanimidade dos membros asistentes á Comisión Especial de Contas (catro votos a favor, sendo seis o número legal de membros) en sesión celebrada en data 29/11/2016, a cal segundo acordo plenario de data 07/07/2015, actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de economía e facenda.

A continuación o Sr. Alcalde cede novamente a palabra á citada funcionaria para que explique o contido do proxecto de Orzamento que se somete á consideración plenaria, e ésta, tras proceder ao requirido, conclúe dando conta do informe favorable de intervención e o informe de avaliación do cumprimento do obxecto de estabilidade orzamentaria no que se deriva situación de superávit orzamentario.

Seguidamente o Sr. Alcalde da lectura á Memoria de Alcaldía obrante no expediente explicativa do contido do proxecto de Orzamento e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.

Sen que se produzan intervencións, o Pleno Corporativo, órgano competente segundo o art. 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por seis votos a favor dos Sres. concelleiros D. Julio Gallego Moure, D. José Antonio García Jurjo, Dona Marisol Orille Díaz, D. Juan Luís López Díaz, D. José Manuel Campo López e Dona Maria del Carmen



Abad Rodríguez, dúas abstencións dos Sres. concelleiros D. Manuel López Armesto e D. José Antonio Real Vázquez e ningún voto en contra, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio 2017, integrado únicamente polo Orzamento do concello de Samos, coa documentación anexa referida legalmente e que se une ao expediente, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Capítulo	Denominación	Importe (euros)	Capítulo	Denominación	Importe (euros)
1	Gastos del persoal	630.371,84	1	Impostos directos	242.953,66
2	Gastos correntes en bens e servizos	442.342,44	2	Impostos indirectos	17.691,97
3	Gastos financeiros	490,00	3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	240.353,56
4	Transferencias correntes	20.886,21	4	Transferencias correntes	613.825,75
			5	Ingresos patrimoniais	41,16
6	Investimentos reais	69.034,41	6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	48.258,80
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL GASTOS		1.163.124,90	TOTAL INGRESOS		1.163.124,90

SEGUNDO. Aprobar inicialmente as Bases de Execución do Orzamento.

TERCEIRO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal do concello, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

CUARTO. Expoñer ao público por un prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

QUINTO. Remitir copia do expediente orzamentario aprobado ao Ministerio de Economía e Facenda así como ao órgano competente da Xunta de Galicia.



6º.- INFORME A EMITIR EN RELACIÓN COA AMPLIACIÓN DO HORARIO DE PECHE DE ESTABLECEMENTOS DE HOSTELERÍA ASOCIADOS A APEHL DENDE O 23/12/2016 O 08/01/2017.

O sr. alcalde procede á lectura da solicitude formulada por D. José Francisco Real Castro como Presidente da Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo (APEHL) con NIF G-27021005, e presentado a través do Rexistro Xeral de entrada de documentos da Subdelegación do goberno de Lugo en data 24/11/2016 con nº 000006300e1603130341, rexistro de entrada no Concello de Samos en data 28 de novembro con nº de rexistro 2016/1591, a cal a continuación se transcribe:

“ Que ese Ayuntamiento emita **informe favorable** a la solicitud presentada por esta Asociación en la Xefatura Territorial de la Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Lugo, para la ampliación de horario de cierre de los establecimientos de hostelería, asociados a APEHL, en **una hora más** de lo legalmente establecido **desde el día 23 de diciembre de 2016 al 8 del mes de Enero de 2017**. Así como la autorización **para que la noche de fin de año los establecimientos puedan permanecer abiertos toda la noche.**

Rogamos envíen el informe **antes del día 12 de diciembre** para ser remitido a la Xefatura Territorial y que ésta emita la autorización pertinente. **Los ayuntamientos que no envíen dicho informe podrán quedar excluidos de dicha autorización. “**

Sen que se produzan intervencións, o Pleno do Concello, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes (oito votos a favor sendo nove o número legal de membros) **ACORDA** Informar favorablemente a solicitude presentada pola Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo (APEHL) con NIF G-27021005 na Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Lugo, para a ampliación do horario de peche dos establecementos de hostelería deste Concello, asociados á APEHL, en unha (1) hora máis do legalmente establecido dende o día 23 de decembro de 2016 ao 8 de xaneiro de 2017, así como a autorización para que a noite de fin de ano os establecementos poidan permanecer abertos toda a noite.

(Rematado este punto, o Sr. alcalde continúa cos asuntos urxentes, sen que se plantexe algún, advertíndolle a secretaria municipal que obviou o punto 7º da orde do día, rectificando a Presidencia, e procedendo segundo a orde do día.)

7º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO –CxG-, PROPOÑENDO SE REPARE DE URXENCIA A PISTA QUE CONDUCE A PASCAIS DESDE A ESTRADA LU-633.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2016/1589 en data 28 de novembro para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“ José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG-CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pista que conduce o pobo de Pascais dende o cruzamento coa estrada LU-633 , presenta un estado mais que lamentable , chea de baches que a fan dficilmente transitable.

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO:

1º.-Que se repare dita pista con urxencia, aínda que sexa con un rebacheo provisional.”

Rematada a lectura da moción se abre o debate:

- SR. ALCALDE.- Nós xa temos coñecemento da situación da pista, e pediuse informe á arquitecta para solicitar a autorización á Patrimonio. Cando teñamos as autorizacións e os medios, procederemos ao seu amaño; polo tanto rechazamos a moción por estar xa traballando no asunto.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Se xa se está traballando, vale, pero a pista está mal. Sempre dí que se está traballando neso, e despois non se fai nada.

Rematado o debate, procédese á votación, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 2 (1 do Grupo mixto e 1 do Grupo municipal do Partido Popular)

Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que non se aproba a Moción anteriormente transcrita.

8º.- ASUNTOS URXENTES.

Para dar cumprimento ao sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde da paso aos asuntos urxentes, sen que se plantexe algún, tal e como se sinalou anteriormente.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde da por iniciada a quenda de **ROGOS**, dando a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura aos presentados en escrito con R.X.E. nº 2016/1590 en data 28 de novembro, e que a continuación se transcriben:



“ 1.- Que se raie o Formigón da pista que vai de A Brea a Lamas polo menos na zona de mais pendente , xa que son continuas as queixas dos veciños porque resbalan os animais.”

- SR. ALCALDE.- Pois aquí no Concello non consta queixa algunha, e cando eu vou por alí pregunto aos veciños e dín que quedou ben, que están contentos, polo tanto non sei cómo dí vostede eso.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Se traemos as mocións é porque os veciños no lo dín para que as presentemos ante o Pleno.

-SRA. ORILLE, GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.- Eu vou bastante a Lamas e nadie se queixou...

-SR. ALCALDE.- Non constan queixas, nin de palabra nin por escrito.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Que esté en bosas condicións non significa que non resbalen os animais.

“ 2.- Que se inste a empresa de limpeza concesionaria da mesma no Colexo e no Pavillón a limpar a conciencia as instalación deportivas polo menos cada 15 días , cando o equipo de futbol sala local xoga na casa , xa que presentan un estado lamentable.”

- SR. ALCALDE.- Xa lle dixemos á empresa adxudicataria que mellorara o servizo de limpeza e ao parecer o xefe está tomando cartas no asunto, pero de todos os xeitos o concello envía aos operarios a que revisen todo o pavillón e o limpen se é necesario antes de usalo, hai que ter en conta que as follas que ás veces hai diante da porta se colan polo aire que vai e porque a porta está algo levantada, algo inevitable xa que hai árbores cerca.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- As queixas veñen pola falta de limpeza na ducha e nas pistas. Eu tiven a concesión fai anos e facía a limpeza cada quince días. Unha empresa que traballa para o Concello e cobra, ten que limpar.

Non formulándose máis rogos, o Sr. alcalde inicia a quenda das **PREGUNTAS**, cedendo a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura á presentada en escrito con R.X.E. nº 2016/1590 en data 28 de novembro, e que a continuación se transcribe:

“ 1.- Por qué non se actualiza a publicación das actas dos Plenos na páxina web do Concello xa que solo figura unha ”

- SR. ALCALDE.- Pois que se actualicen, eu non poño impedimento... se procederá a actualizalas.

Non se plantexan máis preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e trinta e un minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente,

A secretaria,